

SING STREET

[John Carney, 2016]

252

ESTREA EN NUMAX: 27.06.2017 | V.O.S.E. | +12

Sing Street (2016, 105')

Dirección: John Carney

Guión: John Carney (Historia: John Carney, Simon Carmody)

Elenco: Ferdia Walsh-Peelo, Lucy Boynton, Jack Reynor, Aidan Gillen, Maria Doyle Kennedy, Don Wycherley, Kelly Thornton, Kyle Bradley, Lydia McGuinness, Mark McKenna

Son: Niall Brady

Montaxe: Andrew Marcus, Julian Ulrichs

Dirección de arte: Tamara Conboy

Vestuario: Tiziana Corvisieri

Fotografía: Yaron Orbach

Música: Ciaran Bradshaw

Productoras: Cosmo Films, Distressed Films (Irlanda), FilmNation Entertainment, Likely Story, PalmStar Media (Estados Unidos), FilmWave (Reino Unido)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés, francés, latín

PREMIOS E FESTIVAIS

Sundance 2016 (Sección oficial), Deauville 2016 (Sección Oficial), Globos de Ouro 2016 (Nomeado a mellor filme), Premios David di Donatello (Nomeado a mellor filme da Unión Europea), Nashville 2016 (Premio do Público e Especial do Xurado)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Begin Again, 2013

The Rafters, 2012

Zonad, 2009 [con Kieran Carney]

Once (Una vez), 2007

Viviendo al límite, 2001

Park, 1999 [con Tom Hall]

November Afternoon, 1996 [con Tom Hall]

SINOPSE

No Dublín de 1980, a recesión económica fai que Conor cambie a comodidade da escola privada na que estudaba por un centro público onde o clima é máis tenso. Atopará un raio de esperanza na misteriosa Raphina e, co obxectivo de conquistala, convidaraa a ser a estrela nos videoclips da banda que quere formar. Ela accede, e agora Conor debe cumprir a súa palabra.

«*Sing street* é esa canción que sempre funciona. Tres minutos de melodía poderosa. Hora e tres cuartos de filme irresistible»

Javier Ocaña, EL PAÍS



«Para que existise un U2 tivo que haber unha chea de U3's que non valían un peso»

Entrevista a John Carney

Por Elisa Bray

Sing Street acadou magníficas críticas.

Como o percibiches? Ben, é fantástico. É moi sorprendente, é un pequeno filme moi persoal sen as estrelas dos meus filmes anteriores, como Keira Knightley. É realmente reconfortante.

De onde che veu a idea de facer Sing Street?

De ter montado unha banda escolar nos oitenta. Pensei que os problemas dese tempo ficaban lonxe de abondo para que lembralos non resultase moi doloroso. Coidei que a idea dun neno afrontando os retos e tribulacións da vida ao mudar de escola, cunha guitarra ao lombo, daba para unha imaxe potente.

A música foi unha salvación para min naquel tempo, pois non era moi bo nos deportes nin nos estudos. Deume unha dirección e algo polo que preocuparme. Son unha versión do rapaz do filme. Este non é tan guapo como eu de novo, obviamente [risas]. Eu tiña 13 anos e tentaba finxir confianza en min mesmo, mais realmente estaba cheo de nervios e dúbidas. Porén, precisaba desa fachada á hora de entrar nunha nova escola. A banda foi a miña verdadeira tapadeira, se non podes entrar noutros clubs, crea o teu propio, non é?

Empregaches as túas propias gravacións no filme? Non! Por fortuna todos eses casetes foron gravados por riba. Se tivese empregado a música que tocaba na altura tería sido un filme de terror máis ca un musical. Había un rapaz moi talentoso no grupo pero o resto simplemente finxiamos que sabíamos tocar. Unha chea de bandas irlandesas facían o mesmo. Para que existise un U2 tivo que haber unha chea de U3's que non valían un peso.

Como atopaches a banda para Sing Street? Puxen unha morea de anuncios e notas en prensa e conseguín un director de cásting realmente bo. Percorremos clubs, concursos e salas de concerto, e vímonos con moita xente que nunca tiña actuado antes, o que era moi importante para min, pois quería fuxir dos actores infantís e todos os malos hábitos que teñen asimilados. Unha vez nos decantamos por Ferdia Walsh-Peelo construíu o resto da banda en función del, que sería o cantante e líder da banda. Tratábase de formar unha banda que semellase críbel.

Cal é a relación que estableces entre música e cinema no filme? O caso é que eu quería facer un musical sen que o filme se percibise como tal, e non quería que esa palabra aparecese no póster. Trátase dun musical silandeiro. Pensei que, para facer un musical moderno, non debía aparecer ningún dos elementos recoñecíbeis do musical tradicional, que eu adoro por outra parte: *Ellos y ellas* (Joseph L. Mankiewicz, 1955), *Cantando baixo a chuvia* (Stanley Donen & Gene Kelly), *Un americano en París* (Vicente

Minnelli, 1951), *New York, New York* (Martin Scorsese, 1977). Filmes onde a música fai avanzar o drama, as letras son tan importantes coma os diálogos e transforman os personaxes ao longo da trama.

No tempo no que comezaches a traballar facendo vídeos musicais tiñas a ambición de chegar a facer longas?

É unha arela que fun desenvolvendo co tempo mais de novo, con vinte anos, xa vía os filmes con ollo crítico, non como un simple entretemento. Namentres os meus amigos vían *La guerra de las galaxias* (George Lucas, 1977) ou *E.T., el extraterrestre* (Steven Spielberg, 1982) eu xa vía filmes de Godard, Ingmar Bergman ou pelis americanas dos 30 e 40, así que creo que se non me tivese convertido en cineasta tería sido crítico de cinema.

Como queres que o espectador se enfrente a Sing Street? É unha película moi diferente a *Once (Una vez)* (2007) obviamente. *Sing Street* é moito máis entretida e divertida. Quería rematar o meu tríptico musical e facer algo intermedio entre *Once* e *Begin Again* (2013). Coido que *Sing Street* é un filme que me tería gustado se o fose ver cando era novo. Considero que pode animar aos rapaces a facer o que realmente lles gusta, crer en si propios e divertirse máis e mellor. O crecemento e a escola foron duros para min. Coido que o cinema debe servir a propósitos maiores có simple entretemento.

Publicado en www.independent.co.uk/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

